

## Etimoloxías xacobeas

Gonzalo Navaza

*Real Academia Galega - Universidade de Vigo*

ORCID: 0000-0001-7399-0453

**Resumo:** As creacións onomásticas, antroponímicas e toponímicas, e mesmo lingüísticas en xeral, que podemos considerar produto do fenómeno xacobeo ou relacionadas con el, son numerosísimas e maniféstanse en moitas áreas culturais de Europa e de todo Occidente, como se vai ver ao longo deste congreso. Aquí voume referir ao nome da cidade de Santiago de Compostela e a algúns outros topónimos e apelativos comúns.

**Abstract:** The onomastic, anthroponymic and toponymic creations, and even linguistic creations in general, that can be regarded a product of the phenomenon of the pilgrimage to Santiago de Compostela or related to it, are numerous and manifest in many cultural areas of Europe and throughout the West, as will be seen throughout this conference. Here I will refer to the name of the city of Santiago de Compostela and some other common place names and nicknames.

**Palabras chave:** onomástica, Santiago de Compostela, Milladoiro, Viana, A Coruña, Padrón.

**Key words:** onomastic, Santiago de Compostela, Milladoiro, Viana, A Coruña, Padrón.

### SANTIAGO

Antes de entrar no topónimo propiamente dito, vexamos unhas precisións etimolóxicas acerca do antropónimo e haxiónimo *Santiago* e os seus cognados e equivalencias nas diferentes linguas. É un nome de orixe bíblica, que se considera emparentado lexicamente cun substantivo que en hebreo significa ‘talón, calcañar’. Para referirse ao patriarca do Antigo Testamento e aos apóstolos dos Evanxeos, as traducións da Biblia ao grego e ao latín conduciron a unha diferenciación entre *Iacōb* ou *Iacōbus* ‘Xacobe’ para o primeiro e *Iacōbus* (-Iago) para os segundos. Aínda que na práctica adoitan considerarse un mesmo nome, son dúas estirpes onomásticas distintas: as denominacións do patriarca *Xacobe*

\* Este traballo forma parte do proxecto de I+D+i *Toponimia de Galicia e Portugal* (PID2020-114216RB-C61), integrado no proxecto coordinado *Toponomasticon Hispaniae*, financiado polo MCIN/ AEI/10.13039/501100011033/.

teñen tónica a vogal <o> e as de Santiago teñen tónico o <a>. Estas últimas, á súa vez, presentan dúas ramas correspondentes a dúas solucións fonéticas: unhas as procedentes do *Iacōbus* etimolóxico (que en Italia conviviou con *Iacōpus*, con consoante xorda intervocálica) e outras as que presentan unha nasal /m/ na consoante bilabial da última sílaba, *Iacōmus*. Da primeira resultan o noso *Santiago*, o italiano *Jacobo*, *Iacopo* ou *Giacopo* (esdrúxulos) ou o francés *Jacques*,<sup>1</sup> e da segunda o galego *Xácome*, italiano *Giacomo*, o francés antigo *Jacmes*, de onde o *James* inglés, e mais o provenzal e antigo catalán *Jacme*, antecedente do actual *Jaume* e do español *Jaime*. A forma galega desta variante con <m>, *Xácome*, rexístrase en Galicia en data relativamente serodia, no século XIII, polo que é de supoñer que o seu uso entre nós responde á influencia medieval francesa ou occitana.

*Santiago* é o resultado galego de *Sanct-Iacōbum*. Como antropónimo presenta a singularidade de manter a mesma forma composta do haxiónimo, co apócope do adxectivo *sanctus* aglutinado, no seu uso como nome persoal en galego, en castelán e tamén en portugués, afastándose así dos cognados doutras linguas. Existe tamén unha variante non aglutinada (*Iago*, *Yago*), que antes de consolidarse como nome persoal autónomo xa tivera uso tradicional como hipocorístico de *Santiago*. A variante *Tiago*, usada principalmente en portugués, é tamén derivado do haxiónimo cunha segmentación que conserva ante o nome o *-t-* do apócope de *santo*, como sucede por exemplo co de *Telmo*, a partir do haxiónimo *San Telmo* que remonta a un *Sanct Erasmus*.

Popularmente tamén se ten asociado con *Iacōpus* o antropónimo *Diego*, resultado romance de *Didācus*, un nome hispánico de posible orixe prerromana, que é antropónimo diferente e non garda relación etimolóxica ningunha con *Santiago*, por máis que certa tradición os identifique. En *Didācus* a sílaba tónica era a inicial, como demostra o seu patronímico *Díaz*, formado sobre o xenitivo *Didāci*; o primeiro resultado regular romance do seu acusativo foi *Díago*, trisilábico e co <i> tónico, e só posteriormente se produciu o deslocamento acentual para formar o ditongo crecente; a propia coexistencia das variantes *Diago*, *Diego* e a portuguesa *Diogo* é proba de que a segunda vogal era orixinariamente átona, de aí a súa vacilación, que non existiría se o <a> de *Didācus* fose tónico.

1 En Francia, o antropónimo deu orixe a abundante léxico común, nalgúns casos exportado a outras linguas. En última instancia, substantivos como *chaqueta* ou *chaquetón* son léxico xacobeo, pois remontan a un diminutivo *jacquet*, que se empregou en francés co significado de 'peregrino'.

## O NOME DO LUGAR DA *INVENTIO*. *COMPOSTELA* E OUTROS NOMES

Para referirse ao lugar onde se descubriron na primeira metade do século IX os supostos restos do apóstolo Santiago, a documentación dese século e do seguinte emprega diferentes denominacións antes de consolidarse a de *Compostela*. López Ferreiro e outros autores xa chamaron a atención sobre esta aparición tardía do noso topónimo e subliñaron que nos privilexios reais non aparece ese nome ata o ano 1063. Nesa altura da segunda metade do século XI, *Compostela* xa levaba sendo o nome popular do lugar desde había algunhas décadas, como confirman os rexistros do século X que agora coñecemos e nos mostra o CODOLGA, pero en calquera caso era un topónimo recente, pois todo indica que non existía no século IX. Esta é unha das razóns que se opoñen á explicación etimolóxica tradicional de *Campus Stellae*, baseada na suposición de que o nome veu motivado polos sinais milagrosos que revelaron o lugar do sepulcro.

Na documentación máis antiga, dos séculos IX e X, o nome que recibe ese lugar é *Sanctus Locus*, *Locus Sanctus*, *Sanctus Apostolicus Locus*, *Locus Apostoli Sancti*, *Loco sancto Sancti Iacobi* ou variantes, completadas adoito coa referencia a unhas arcas<sup>2</sup> mencionadas en ablativo como *Arcis Marmoricis*, que designarían o primitivo mausoleo, e doutras precisións xeográficas que o sitúan nos confíns da comarca galega da Maía, *in Gallecia*, *in finibus Amaeae*, no territorio diocesano de Iria, entre os ríos Ulla e Sar etc. Non podemos saber se as diferentes variantes de *Sanctus Locus* tiñan correspondencia cun topónimo realmente vivo, popular. O verosímil é que esas denominacións se aplicasen en orixe ao lugar que acollía o sepulcro e ás diferentes construcións que culminaron coa basílica de Afonso III, consagrada no ano 899, e posteriormente nacería o nome de *Compostela* (en latín *Compostella*) para designar o núcleo urbano que se foi formando ao seu redor. Así o suxire a documentación de San Martiño Pinario cando emprega a denominación de *Loco sancto Sancti Iacobi* para referirse á basílica en tanto que do propio mosteiro di que *situm est in urbe Compostella* (a. 914, a. 1114 Pinario).

A mención das arcas *marmóricas*, común ata mediados do século XI nos documentos rexios recollidos no *Tombo A* da catedral compostelá, constituía

2 Ou *arcos*, segundo outra tradición, como a recollida na *Corónica de Santa María de Iria* (1467-68): "...entrou na espesidume do monte e achou hũa casulla pequena de arcos de mármore e dentro hũa tumba de moimento moi boo" (2.10).

unha referencia erudita para achegarse a certa tradición escrita anterior das vidas apostólicas que situaba o lugar do enterramento de Santiago, logo da súa decapitación en Xerusalén, nun lugar impreciso denominado *Acaia Marmarica*. É de supoñer que foi a vontade de aproximación a ese topónimo o que motivou un parónimo derivado de *mármore*, o material de que estaba feito o sepulcro. Os estudosos xa teñen insistido en que non hai tal adxectivo \**marmoricus* en latín; o adxectivo derivado de *marmor* era *marmoreus*.

## OS PRIMEIROS RELATOS DA LENDA DA *INVENTIO*

Ademais das mencionadas razóns cronolóxicas que se opoñen á etimoloxía tradicional do *Campus Stellae*, e doutras fonéticas que vemos máis adiante, tamén se opón o feito de que a estrela ou as estrelas só se incorporan moi tardiamente aos relatos do achado do sepulcro.

A versión máis antiga da *inventio* atopámola no documento do ano 1077 coñecido como *Concordia de Antealtares*. Nel cóntasenos como no reinado de Afonso o Casto (791-843) se lle revelou o lugar do sepulcro, por medio de anxos e de sagradas luminarias (e non por unha estrela), a un anacoreta chamado Paio (*Pelagius*) nas proximidades da igrexa que hoxe chamamos de San Fiz de Solobio (*de Lobio* no texto). Comunicado o prodixio do achado ao bispo de Iria, Teodomiro, este mandará erguer unha igrexa en honor do apóstolo:

Era MCXV [...] ...temporibus serenissimi regis domini Adefonsi qui vocatur Castus, cuidam Anacorite nomine Pelagius qui non longe a loco in quo apostolicum corpus tumulatum jacebat degere consuerat, primitus revelatum esse angelis oraculis dignoscitur deinde sacris luminaribus quam pluribus fidelibus in ecclesia sancti Felicis de Louio commorantibus ostenditur qui inuito consilio yriensem episcopum dominum Theodorum arceserunt santam visionem illi detegentes.

Algo posterior, de finais do século XI ou comezos do XII, é o relato contido no *Cronicón iriense*, onde se nos presenta unha escena en que se discute acerca da denominación do lugar:

...& postea convenerunt sapientes viri & dixerunt ad invicem quo nomine vocaretur locus iste: quidam dixerunt Locum Sanctum, quidam Liberum donum, quidam Compositum tellus, a quo dicitur Compostella...

Os homes sabios (*sapientes viri*) pregúntanse como han de chamar ese lugar e propóñense tres denominacións: *Santo Lugar* (*Locum Sanctum*), *Libre Don* ou *Libredón* (*Liberum donum*) e *Compositum tellus*. Desta terceira é de onde supostamente viría o nome de *Compostela*. A primeira denominación é a que vimos nos documentos dos séculos IX a XI. O segundo nome, *Liberum donum*, que aparece por primeira vez neste relato, foi probablemente a denominación motivada polas doazóns rexias posteriores á *inventio* do sepulcro, no século IX, pero a tradición acabouno por vincular á *translatio* e á mítica raíña Lupa, ou sexa, ao século I. A terceira denominación, o suposto *Compositum tellus*, de onde viría *Compostela*, contén un termo relacionado co participio do verbo latino *COMPONĒRE* acompañando o substantivo *TELLUS* ‘terra’. Aínda que algúns estudosos deron creto a esta etimoloxía, interpretando o seu significado como ‘terra de enterramento’, pois *COMPONĒRE* tiña tamén unha acepción de ‘sepultar’, o propio sintagma “*Compositum tellus*” é lingüísticamente inverosímil: o acusativo de *tellūs* sería *tellūrem*, e ademais era termo feminino.

A *Historia Compostellana*, pouco posterior ao *Cronicón iriense*, coincide con el en dicir que o lugar chamado *Compostella* se chamaba previamente *Liberum donum*. Coincide tamén na ausencia de calquera mención de estrela ou estrelas nos prodixios que revelan o lugar do sepulcro: o que aparece son luces na noite e anxos. Cito pola edición de Flórez no volume xx da *España Sagrada*:

... primum ad Iriensem portum felici navigio pervenerunt: deinde venerabile corpus ad locum qui tunc Liberum donum vocabatur, nun autem Compostella dicitur [...] quod super Beati Jacobi tumbam diuturna vetustate excreverat, nocturno tempore ardentia multotiens vidisse; ibique Angelos sibi frequentius apparuisse

Tampouco hai estrelas, senón igualmente anxos e luminarias, na narración da *inventio* que nos ofrece en galego a *Corónica de Santa María de Iria*, do século xv:

...viiian grandes lumes de candeas arder de noite et de dia en hūn monte mui espeso de muitas arvores et silvas, a oito milias de Iria, e que non se apagavan de dia nin de noite. E mais que oian ende continuamente grandes cantares de ángeos. Os quaes se foron ao dito obispo e lle contaron a dita visón... (2.10; Souto Cabo 2001, pp. 55-56).

Así, pois, as narracións medievais do relato da *inventio* ou achado do sepulcro do apóstolo non fan a menor referencia ás estrelas nin suxiren para *Compostela* a etimoloxía que fai corresponder este topónimo a un latín *Campus Stellae*, que tanta aceptación había de chegar a ter. Desde o punto de vista fonético tampouco é un étimo verosímil; sería excepcional en galego unha alteración do vocalismo de *campo* (a toponimia galega está chea de compostos deste substantivo seguido dun segundo elemento e en todos os casos sobrevive a vogal <a> na primeira sílaba), máis improbable aínda nun topónimo que só tiña unhas décadas de antigüidade. Se fose realmente un composto de *campo*, por máis que a fala popular alterase o vocalismo, nos textos en latín escribirían *Cam-* e non *Com-*. E tampouco é verosímil que o segundo elemento conteña o resultado do latín clásico *stellae*, pois no latín hispánico occidental e en consecuencia en galego, en portugués e en castelán, ese substantivo viuse interferido por *aster* ‘astro’ e deu como resultado unha forma *estrela*, con <r> na segunda sílaba. Por esta razón, podemos supoñer que acaso a etimoloxía que trae *Compostela* dun *Campus Stellae* xurdise en medios franceses ou occitanos, desde unha lingua onde non ten <r> o resultado do latín STELLA.

A única lenda medieval relacionada co apóstolo onde si aparecen as estrelas, e mais a identificación da Vía Láctea como camiño de Santiago, é na lenda carolinxia que fai protagonista da *inventio* do sepulcro ao propio Carlomagno, recollida na *Historia Turpini*, un dos libros que forman o *Códice Calixtino* (séc. XII). Esa narración tivo sen dúbida repercusión nos relatos e lendas xacobeas medievais. Proba do éxito de recepción da *Historia Turpini* na Idade Media é o feito de que se traducise ao galego (nos *Miragres de Santiago*) a finais do século XIV ou comezos do XV. Desde o Renacemento, toda a lenda carolinxia da *inventio* foi declarada heterodoxa e falsaria e o libro da *Historia Turpini* foi expurgado e retirado do código durante tres séculos, por conter “cosas tan deshonestas y feas que valiera harto más no haberlo escrito”, segundo a célebre sentenza de Ambrosio de Morales.

O que nos interesa subliñar é que en ningunha das versións ortodoxas medievais da *inventio* hai o menor indicio de que se lle supuxese ao topónimo unha orixe no latín *Campus Stellae*, pois non hai estrela nas lendas da *inventio*. Segundo soubo ver Xesús Carro (1954), esa etimoloxía é unha creación renacentista. As fontes medievais, ademais do mencionado *Compositum tellum* do *Cronicon iriense*, achegan outra explicación do topónimo que suxire a etimoloxía

hoje incontrovertidamente aceptada. Recóllese no século XII na *Crónica de Sampiro* e repítese na *Crónica naiarense*, e glósase o topónimo *Compostela* como ‘ben composta’.

“in Compostella, id est bene composita super corpus beati Iacobi apostoli ecclesiam” (*Crónica naiarense* II, 41; Rasilla 1990, p. 223).

## CAMPUS STELLAE COMO ETIMOLOXÍA “CANÓNICA”

Aínda que non hai rastro dela na Idade Media, no século XVI a etimoloxía do *Campus Stellae* xa se manifesta na heráldica. Mesmo podemos inferir que foi o emprego dunha estrela no brasón ou escudo da cidade o que contribuíu a convertela na etimoloxía canónica. Na *Memoria da fundación da Confraría dos Cambeadores*, unha falsificación de comezos do século XVII que simula ser un texto medieval en galego, a fidelidade a esa lenda etimolóxica leva a chamar *estelas* ás estrelas que agora si, xa aparecen no relato. Cito pola edición de Henrique Monteagudo (1996) o fragmento relativo á *inventio*:

...havie abaijo de Libredon, à par do Val do Inferno, un Monte grande, aberto de matas è robres muyto furiosas, é no meu de èl se oian cantos è vian lumes e estelas, y no meu estaba un robre mais grande è alto que todos, é sobre de èl see puña ua Estela mais grande que as outras. Avisou San Payo Hermitaño que dicia Missa á os Mouradores de San Fiz, a Theodomiro, Bispo de Iria-Flabia [...]. é viron que estaba labrada, é con dous Arcos, é ò Moymento debaixo dun Altar pequeno.

Durante polo menos catro séculos o suposto *Campus Stellae* constituíu a explicación común e popular da orixe do nome. No século XIX contribuíu a revalidarlle o carácter oficial, por así dicilo, o historiador e cóengo da catedral compostelá Antonio López Ferreiro, conspicuo defensor desa etimoloxía. Así resume este autor a cuestión dos diferentes nomes do lugar, levando a auga ao seu muíño:

Para resumir, diremos que los nombres con que sucesivamente fue conocido el lugar del sepulcro de Santiago fueron los siguientes: *Liberum donum*, *Arca marmorica* y *Campus Stellae* ó *Compostella*. El primero, aludiendo sin duda a la espontánea donación de Lupa,

designaba el fundo en que fue levantado el sepulcro. El segundo nació de la forma y materia del monumento sepulcral y sirvió por mucho tiempo para la designación del lugar. El tercero se debe á las circunstancias maravillosas del descubrimiento del Cuerpo de Santiago a principios del siglo IX, y desde entonces quedó como el nombre propio del lugar. No obstante, hasta mediados del siglo XI, en los Diplomas de nuestros monarcas continuó usándose el antiguo nombre tradicional de *Arca* o *Arcae Marmoricae*, y D. Fernando I en su Privilegio de 10 de marzo de 1063 fue el primero que empleó la denominación ya entonces corriente: *Cuius (Sancti Jacobi) Corpus requiercit Gallecia in urbe Compostella* (López Ferreiro 1898, I, p. 173).

Hoxe a explicación de Compostela como *Campus Stellae* véñse considerando entre os especialistas unha lenda etimolóxica tradicional, pero inaceptable histórica e lingüísticamente. Tense por seguro que o topónimo contén o resultado común galego do participio do verbo *COMPONĒRE*, isto é, *COMPOSĪTA*, con sufixo diminutivo correspondente ao latín *-ĒLLA*. Durante un tempo foi obxecto de controversia saber a cal das acepcións dese verbo remitiría o topónimo. Amor Ruibal, tamén cóengo do cabido compostelán, que rexeitaba a etimoloxía do *Campus Stellae* e a defensa que facía dela López Ferreiro, sostíña a comezos do século XX que o verbo *componĕre* estaría no topónimo coa acepción de ‘sepultar’, e apoiándose no *Compositum tellus* do *Cronicón iriense*, insistiría na relación de Compostela coa noción de ‘enterramento, cemiterio’. Retomaron esa explicación, entre outros, Luís Monteagudo ou Jesús Carro. Un terceiro cóengo compostelán, Portela Pazos (1957), seguindo a opinión expresada por Pierre David (1946-1948), e a liña da explicación do topónimo que daban as crónicas do século XII (*Compostella, id est bene composita*), remitiu á acepción de *COMPONĒRE* como ‘fabricar, construír, adornar’. Defenderon esta etimoloxía outros autores como Joseph M. Piel (1965). Para Portela Pazos, que supoñía que o nome nacera no século XI, o topónimo xurdiría coa reconstrución da cidade despois de ser asolada a comezos dese século por Almanzor; os rexistros do topónimo no século X obrigan a supoñer máis ben que a motivación do nome foi anterior: moi probablemente a construción da primeira basílica santiaguesa, a de Afonso III, consagrada no ano 899, e o consecuente desenvolvemento urbano.



## LIBREDÓN

O topónimo *Libredón*, que os relatos da *inventio* dan como o antigo nome do lugar, foi tamén obxecto de moita controversia. A explicación común vía nel un nome relativo a unha doazón libre, un *liberum donum*, tal como expoñen as fontes, se ben se debatía se se refería ás doazóns dos reis á igrexa de Santiago nos séculos IX e X, isto é, un topónimo posterior á *inventio*, ou se era, como refiren algunhas lendas da *translatio*, o lugar ofrecido pola raíña Lupa para sepulcro do apóstolo no século I. Fronte a esa explicación, o cóengo compostelán Ángel Amor Ruibal (1909), e posteriormente outros estudosos, defenderon que, malia a aparencia latina, *Libredón* era o nome prerromano do lugar, un topónimo céltico composto co coñecido elemento *-dunum*, equivalente a *-briga* ou ‘castro’. Hoxe ninguén sostén esa etimoloxía, rebatida por Moralejo Lasso e outros autores. O elemento *-dunum* é forma propia da toponimia da Galia, sen presenza coñecida nos celtismos de Hispania, onde se emprega *briga* ou *-bre* co mesmo valor (Moralejo 1977).

## OUTRAS ETIMOLOXÍAS XACOBEAS

*O Milladoiro* é o nome dunha localidade do concello de Ames, lindeiro co de Santiago. Repítese este nome varias veces na microtoponimia das inmediacións da cidade compostelá (López Boullón 2019, pp. 69-70) e é unánime a opinión de que eses diferentes *O Milladoiro* responden aos marcos que sinalaban os sucesivos xiros ou circuítos medievais doados pola monarquía á igrexa de Santiago (López Alsina 2013, pp. 142-143). É un substantivo formado a partir dun verbo *\*miliare*, derivado do nome da *milla*, a unidade métrica dos romanos equivalente a mil pasos (*milia, millia, mille passuum*). A tradición escrita xacobeá latinizou xa no século XI o termo galego como *humiliatorium*, a partir da forma galega con artigo (*o milladoiro*), asociando o nome ao latín *humilis* e *humilitatis* ‘humilde’, ‘humildade’. O termo castelán *humilladero* non se rexistra nesa lingua antes do século XVI, segundo vemos no Corpus Diacrónico del Español; o dicionario defíneo como “lugar devoto que suele haber a las entradas o salidas de los pueblos y junto a los caminos, con una cruz o imagen” (DRAE, *s.v.*). Se como parece ten orixe nos milladoiros das peregrinacións, os lugares situados no camiño onde

os peregrinos se axeonllaban por devoción, entón o *humilladero* castelán sería un préstamo procedente non do correspondente substantivo galego, senón da forma etimoloxizante con que este se rexistraba en latín.

Algúns nomes impostos polos reis na Idade Media a poboacións reguen-gas con motivo da concesión dunha carta foral aos seus veciños son topónimos de motivación xacobeá. En Galicia, o principal promotor deste tipo de toponimia foi Afonso VIII (1188-1230), que empregou por primeira vez o nome de *Viana* para retoponimizar en 1206 a vila previamente denominada *Robreda*, hoxe *Viana do Bolo*, en Ourense. Seguindo o mesmo modelo, Sancho o Forte de Navarra escolleu o mesmo nome, e respondendo á mesma motivación xacobeá, para a vila que promoveu en 1219 nun lugar onde previamente había un hospital de peregrinos do camiño de Santiago, entre Francia e Pamplona, a actual *Viana* navarra. É tamén a mesma motivación xacobeá a que levou ao rei portugués Afonso III o Boloñés a retoponimizar en 1262 como *Viana* (hoxe *Viana do Castelo*) a freguesía previamente chamada Santa Maria de Foz de Lima, sede dun hospital medieval de peregrinos (Navaza 2017, p. 63). Outras poboacións da península que reciben o mesmo nome han de ser tamén topónimos nados na Idade Media e vinculados aos diferentes camiños de Santiago. En última instancia o nome é eco da cidade francesa de *Vienne* (*Viana* en occitano, *Viana* en galego no texto medieval dos *Miragres de Santiago*), berce do papa Calixto, coñecido tamén como Guido de Borgoña ou Guido de Vienne, e é tamén a cidade onde reside o arcebispo Turpín, o suposto autor da *Historia Turpini*, o cuarto libro do *Códice Calixtino*. O topónimo tiña a vantaxe de que permitía interpretarse ou etimoloxizarse como un derivado de *via* ‘camiño’.

O mesmo rei don Afonso, en 1208, con motivo da concesión da carta foral á vila e porto chamados ata ese momento *Faro*, tomou o novo nome de *Crunia* (hoxe *A Coruña*) do nome dunha das supostas cidades conquistadas en Galicia por Carlomagno na *Historia Turpini*, o cuarto libro do *Códice calixtino*. Outro topónimo de motivación xacobeá, aquí aplicado á poboación destinada a ser o porto de entrada dos peregrinos por mar da Europa atlántica. Entre os topónimos promovidos por este rei aos cales lles podemos atribuír connotacións e motivacións xacobeas están os diferentes *Rozavales* que conteñen a adaptación ao galego do Roncesvalles navarro, interpretado como un composto do galego *rozar* e o plural de *val*.

O nome de *Padrón* (ata o século XIX habitualmente con artigo, *O Padrón*) é tamén un topónimo que podemos considerar xacobeo, non pola súa orixe, pois é un derivado común de *pedra* (PETRONEM) motivado por unha ara romana, senón porque a tradición erudita e popular asociou esa ara á lenda da *translatio* de Santiago e xogou cunha etimoloxía que vinculaba o litónimo ao padroado apostólico. Outro topónimo xacobeo clásico é o *A Lavacolla*, onde se encontra o aeroporto de Santiago de Compostela, que no *Códice calixtino* (V, 6) consta como *Lavamentula*, isto é, interpretado como topónimo lustral onde se lavarían os peregrinos, que latiniza eufemisticamente o segundo elemento dun suposto *lava colea* ‘lava testículos’ (Moralejo 1977, p. 318). Hoxe non goza de moito creto a fiabilidade da etimoloxía suxerida no *Lavamentula* do *Calixtino*, pois nun topónimo nacido a partir do século IX non é moi verosímil esa estraña forma *-colla* co significado que lle atribúe.

Conclúo cuns comentarios acerca do botafumeiro e a vieira. Se a etimoloxía do nome do primeiro resulta transparente, talvez non o é tanto o do *tira-boleiro*, onde conflúen os resultados galegos de *turiferarium* e de *turibularium*. O uso da *vieira* como símbolo de peregrinación responde tamén a unha razón etimolóxica nacida en lingua galega. A referencia máis antiga que coñecemos do seu emprego por parte dos peregrinos é do século XII e atópase no *Códice calixtino* (Libro I, XVII). A escolla das cunchas do molusco *Pecten maximus*, “*quas vulgo veneras vocat*” é un produto da lingua galega, pois só no substantivo galego *vieira* se produce a confluencia dun derivado latino de *via* ‘camiño’, na forma *viaria*, co derivado de *Venus* presente no nome latino do molusco, *venera* ou *venerea*. Noutras linguas, o molusco tamén recibe hoxe denominacións que gardan relación coa súa condición de símbolo da peregrinaxe a Compostela, como o francés *coquille de Saint Jacques*, o catalán *petxina de pelegrí* ou o alemán *Jakobsmuschel*.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Amor Ruibal, Ángel (1909 [2004]). Los nombres Libredón y Compostela. En: José Leonardo Lemos Montanet, *Obra viva de Ángel Amor Ruibal*. Santiago de Compostela: CSIC - Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 197-206.
- Carro García, Jesús (1954). *Estudios jacobeos: arca marmórica, cripta, oratorio o confesión, sepulcro y cuerpo del Apóstol*. Santiago de Compostela: CSIC - Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- David, Pierre (1946-1948). Études sur le livre de Saint - Jacques attribué à Calixte II. *Bulletin des Études portugaises*. X (1946), 1-41; XI (1947), 113-185; XII (1948), 1-154.
- Flórez, Henrique (1765). Historia Compostellana. En: *España Sagrada*, XX. Madrid: Imprenta de la Viuda de Eliseo Sánchez.
- López Alsina, Fernando (2013). *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*. Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago - Universidade de Santiago de Compostela.
- López Boullón, Xosé Ramón (2019). *Toponimia de Ames*. Colección Terra Nomeada. A Coruña: Real Academia Galega - Asociación Galega de Onomástica. <https://doi.org/10.32766/rag.339>
- López Ferreiro, Antonio (1898). *Historia de La Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela, I*. Santiago de Compostela: Imprenta del Seminario Conciliar.
- Monteagudo, Henrique (1996). Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII, *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores*. En: Rosario Álvarez e Ramón Lorenzo, coord. *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 351-376.
- Moralejo Lasso, Abelardo (1977). Sobre el origen y significación de Liberum Donum o Libredón en la Tradición Jacobea. En: *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago: Pico Sacro, 169-186.
- Navaza, Gonzalo (2016). A orixe literaria do nome da Coruña. *Revista Galega de Filoloxía*. 17, 119-164. <https://doi.org/10.17979/rgf.2016.17.0.1873>

- Navaza, Gonzalo (2017). A intervención régia na toponimia galega medieval. Os nomes de Afonso IX (1188-1230). *Guavira Letras*. 13 (25), 50-78. Disponible en <http://websensors.net.br/seer/index.php/guavira/article/view/561>
- Piel, Joseph M. (1965). Compostela. *Romanische Forschungen*. 77 (1/2), 121-125.
- Portela Pazos, Salustiano (1957). Origen del topónimo Compostela. *Compostellanum: revista de la Archidiócesis de Santiago de Compostela*. 2 (4), 681-704.
- Rasilla Sánchez-Arjona, Margarita de la (1990). *Crónica silense y crónica najarense, edición crítica y traducción*. Tese de doutoramento. Universidad de Sevilla.
- Souto Cabo, José Antonio (2001). *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Iria*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral de Santiago - Seminario de Estudos Galegos.